

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 28.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

21068 (10/CPC-000035)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Comercio e Consumo, por petición propia, para informar sobre impulso de novos formatos comerciais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017

Punto 2. Propositions non de lei

2.1 4728 (10/PNC-000454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun plan de recuperación da titularidade e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos e a facilitación de información respecto das condicións do outorgamento das concesións

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

2.2 24920 (10/PNC-001949)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre a reforma do sistema de interrompibilidade e axudas á industria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

2.3 27347 (10/PNC-002115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 15 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de explotación mineira San Rafael nº 2946, nos concellos de Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018

2.4 27545 (10/PNC-002132)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 4 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa adaptación da central térmica de Meirama ao novo marco regulatorio da Directiva Europea de

emisións industriais, co fin de garantir o seu funcionamento máis alá de 2045

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21068(10/CPC-000035)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Comercio e Consumo, por petición propia, para informar sobre impulso de novos formatos comerciais

Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017

04/12 2017 8:58 FAX 00981541211

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

0001/0001


04 DEC. 2017



XUNTA DE GALICIA

Núm. 21068

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia e a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- da directora xeral de Comercio e Consumo para informar "sobre impulso de novos formatos comerciais".

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Adxunto por: GARCIA SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 04/12/2017 08:45:12

Blanca García-Señorans Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4728(10/PNC-000454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun plan de recuperación da titularidade e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos e a facilitación de información respecto das condicións do outorgamento das concesións

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 4728
Data envío: 08/02/2017 11:22:04.825

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á recuperación pública dos saltos hidroeléctricos.

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu PIB e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesares desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar una estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Así, o deseño da produción eléctrica en Galiza caracterizouse por ser un deseño alleo, dende a esfera estatal, onde os poderes públicos galegos non tiveron nunca voz nin voto, e foi tamén e en consecuencia un deseño contrario aos intereses e necesidades de Galiza. Un dos exemplos máis evidentes atopámolo no desenvolvemento da enerxía hidráulica en Galiza e a conseguinte construción de presas e encoros, cunhas fortísimas consecuencias sociais e medioambientais no noso territorio, unha concepción franquista co obxectivo de subministrar enerxía ao centro do Estado sen que nin o noso país nin especificamente as zonas afectadas obtivesen compensación ou beneficio de ningún tipo.

As compañías eléctricas explotan en Galiza a maior parte das centrais hidráulicas existentes. Fano a través de concesións outorgadas polo Estado con duracións de entre 50 e 75 anos. Parte delas mesmo foron transferidas a mans privadas



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 4728
Data envío: 08/02/2017 11:22:04.825

no último cuarto de século mediante o proceso de privatización das empresas públicas do extinto INI, o que permitiu aumentar o crecente negocio do sector.

En todo caso, a gran maioría das centrais hidroeléctricas foron construídas hai xa décadas, sendo investimentos que, debido á estrutura do mercado eléctrico, están sobradamente amortizados, sendo na práctica unhas máquinas de xerar beneficios grazas a decisións políticas discrecionais e ao uso privado que realizan dun ben público como é a auga.

Boa parte das concesións caducan nos próximos anos, o que pon sobre a mesa o escenario futuro unha vez rematada a concesión e xa que logo, a expectativa do regreso desas instalacións á xestión pública. Nese escenario, sería máis que desexábel que a xestión e explotación se levase a cabo directamente a través dos poderes públicos. Así, consideramos que a creación dunha empresa pública galega sería o instrumento acaído para garantir a titularidade pública e unha xestión que teña en conta as necesidades do país.

En resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG a pasada lexislatura, o Director Xeral de Augas de Galiza anunciou que ante o remate das concesións de saltos hidroeléctricos a Xunta avaliará o seu futuro uso tras o desenvolvemento dos expedientes administrativos e confirmou que só existe un salto con cláusula social, das 44 centrais de gran hidráulica.

Recuperar a xestión pública das centrais é unha cuestión estratéxica. Cabe ter en conta que como consecuencia dos procesos de privatización, as compañías fixéronse cunha serie de instalacións construídas con investimentos públicos e cuxa produción é case todo beneficio é para elas. A xestión pública dos saltos e encoros permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 4728
Data envío: 08/02/2017 11:22:04.825

condicións económicas e sociais máis desfavorábeis poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico.

Esta medida entronca coa óptica de que se deben diferenciar tarifas en función da condición dun territorio en relación coa produción eléctrica, unha óptica que o BNG leva tempo a reivindicar, e que en Galiza tería a súa concreción nunha tarifa eléctrica galega acorde á nosa condición de produtores excedentarios de enerxía eléctrica.

Por último, cómpre salientar tamén que, recentemente, o diario “Público” sinalaba que “o goberno (do Estado) intenta esquivar a eminente nacionalización das hidroeléctricas”, e engadía que, a pesares de que o goberno rexeitaba aclarar os seus plans ante o inicio da caducidade en cascada das concesións máis rendíbeis do sector eléctrico, manobrava para evitar que a súa xestión pase a ser pública. De confirmarse estes feitos suporían un novo atranco por parte do goberno central a un desenvolvemento enerxético propio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Presentar un plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos mediante a creación dunha empresa pública galega ante o remate do período de concesión das mesmas, contando para a elaboración do citado plan coa participación dos concellos afectados.
2. Proporcionar información sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos, que cando menos contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas,



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 4728
Data envío: 08/02/2017 11:22:04.825

solicitando de ser preciso a información pertinente ao Ministerio de Agricultura,
Alimentación e Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 11:17:09

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 11:17:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 11:17:18

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 11:17:21

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 11:17:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 4728

Data envío: 08/02/2017 11:22:04.825

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 11:17:26

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 24920(10/PNC-001949)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre a reforma do sistema de interrompibilidade e axudas á industria

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24920
Data envío: 01/02/2018 17:29:42.198



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 6.ª, relativa á reforma do Sistema de Interrompibilidade e axudas á industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A industria electrointensiva ten un papel moi importante na economía e no emprego en Galicia, e por elo, e a pesar de ser o modelo enerxético unha competencia estatal, o Goberno da Xunta de Galicia e este Parlamento teñen que ser proactivos, propositivos e estar presentes na configuración das políticas enerxéticas, reguladoras e fiscais que afectan a este sector.

O 5 de outubro de 2016 a Comisión de Industria, Enerxía e Turismo do Congreso aprobou unha Proposición non de lei, presentada polo Grupo Confederal de Unidos Podemos - En Comú Podem - En Marea, na que se instaba ao Goberno a establecer un novo sistema de interrompibilidade para as empresas electrointensivas, ademais doutros puntos relativos ao servizo de xestión da demanda de interrompibilidade.

Con todo, e a pesar do aprobado no Congreso dos Deputados, o Goberno contestou negativamente, o 23 de marzo de 2017, á pregunta realizada por En Marea: “Ten previsto o Ministro de Industria Enerxía e Turismo modificar as regras da poxa de adxudicación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade e o período de prestación do servizo?”.

É dicir, o Goberno, ignorando as demandas do Congreso, insiste en manter o sistema aprobado en 2013 mediante a Orde IET 2013/2013 de 31 de outubro



modificada, de forma non substancial, en 2014, mediante Orde IET 1752/2014 de 26 de setembro, ambas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A Orde IET 2013/2013 na súa Introducción sinala: “A interrompibilidade configúrase como unha ferramenta para flexibilizar a operación do sistema e dar respostas rápidas e eficientes ante eventuais situacións de emerxencia, minimizando o impacto na seguridade do sistema.”

Por tanto, a interrompibilidade, definida na lexislación vixente, é exclusivamente, un mecanismo técnico a disposición do Operador do Sistema Eléctrico, Rede Eléctrica de España, para actuar en situacións de emerxencia.

En consecuencia, é preciso valorar, no marco desta definición, se as condicións técnicas, económicas e de adxudicación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, son adecuadas e proporcionadas ao fin que se pretende.

Para iso, aínda que cada sistema eléctrico ten as súas peculiaridades, é relevante analizar as condicións nas que se presta un servizo con idéntico obxectivo ao que se describe na Orde IET 2013/2013, no tres países da UE, cos que por tamaño debemos compararnos: Alemaña, Francia e Italia.

Alemaña:

Regulación de cargas interrompibles (AbLaV) de outubro de 2016, aprobada polo Goberno Federal, que é aplicable ata 2022. Esta nova regulación modifica as condicións da regulación do sexenio 2012-2017. Prevé unha revisión da retribución e volume de potencia interrompible en 2018. No entanto, a lei do Sector Eléctrico (EnWG) vixente limita a potencia interrompible a 3.000 MW.

Permite aos operadores do sistema, a cambio dunha retribución, a desconexión remota instantánea ou cun preaviso de 15 minutos de consumidores non domésticos cunha potencia mínima de 5 MW.



Os catro operadores do sistema, asignan a potencia interrompible mediante poxa nunha plataforma de Internet común, na que poden ofertar semanalmente ata 1500 MW de potencia interrompible cunha retribución máxima de 500 €/MW/semana.

O ano 2017 é o primeiro de aplicación, polo que non hai datos de potencia interrompible poxada. No caso máis desfavorable coa máxima potencia interrompible: 1500 MW asignada cada semana coa retribución máxima: 500 €/MW/semana, o custo total do servizo sería de 39 M€/ano e un custo medio de 26.000 €/MW.

Potencia instalada en 2016: 201,4 GW. Punta de Demanda en 2016: 87 GW.

Francia:

Dispositivo de Interrompibilidade, aprobado en 2016 polo Regulador Enerxético (CRE) a proposta do Operador do Sistema RTE, no marco da nova lei do sector eléctrico (NOME) de 2013.

Permite a RTE, a cambio dunha retribución, a desconexión remota en 5 segundos ou 30 segundos ós consumidores non domésticos cunha potencia mínima de 40 MW ou 25 MW respectivamente.

RTE asigna anualmente a potencia interrompible mediante poxa nunha plataforma de Internet, coas seguintes limitacións na retribución: 70.000 €/MW/ano para as cargas con desconexión en 5 segundos e 20.000 €/MW/ano para as de 30 segundos.

O límite legal do custo do Dispositivo de Interrompibilidade está establecido en 108 millóns de euros.

En 2017 asignáronse 1500 MW cun custo de 96 millóns de euros.

Potencia instalada en 2016: 130,8 GW. Punta de Demanda en 2016: 88 GW.

Italia:

Resolución 566/2014/R/EEL de novembro de 2014, do Goberno italiano pola que regula o aprovisionamento de recursos eléctricos interrompibles.

Permite ao Operador do Sistema TERN, a cambio dunha retribución, a desconexión remota en 210 ms ou 5 segundos de consumidores non domésticos cunha potencia mínima de 1 MW.

TERNA asigna cada tres anos un produto de duración trienal, que debe de supor como mínimo o 75 % da potencia interrompible total, e o resto en produtos de duración anual e mensual, mediante poxa nunha plataforma de Internet, coas seguintes limitacións na retribución: 135.000 €/MW/ano para as cargas con desconexión en 210 ms e 90.000 €/MW/ano para as de 5 segundos.

A potencia interrompible a contratar está limitada a 3.300 MW.

Para o trienio 2015-2017 asignáronse os 3.300 MW como produto trienal con desconexión en 210 ms cunha retribución anual de 89.899 €/MW.

Potencia instalada en 2016: 114 GW. Punta de Demanda en 2016: 54 GW.

Tomando como referencia o ano 2016, en España adxudicáronse 2895 MW cun custo medio de 173.920 €/MW e un custo total de 503,5 millóns de euros. A adxudicación realizouse mediante poxa presencial con representantes de 132 puntos de subministración.

Potencia instalada en 2016: 105,3 GW. Punta de Demanda en 2016: 40,5 GW.

En base a estes datos, pódese concluír o seguinte:



1) Custo do Servizo

A retribución, en valor unitario, da potencia interrompible en España, é case un 200% maior que a de Italia, o país con maior retribución e case 7 veces superior á máxima retribución posible en Alemaña.

Se consideramos, ao carecer de datos reais de Alemaña para 2016, a máxima retribución posible: 39 millóns de euros, en Francia a retribución de 2017: 96 millóns de euros e a retribución real de Italia: 297 millóns de euros, dános un total de 432 millóns de euros. É dicir, en 2016 os consumidores españois pagaron pola Interrompibilidade case 100 millóns de euros máis que Alemaña, Francia e Italia xuntas.

2) Volume de Potencia Interrompible

En canto ao volume de MW asignados, a falta de coñecer a metodoloxía e criterios aplicados polo Operador do Sistema para determinalo, (unha información que é pública en todos os países analizados), resulta sorprendente que o sistema eléctrico español necesite o dobre de potencia interrompible que Francia ou Alemaña con puntas de demanda moi superiores e só algo menos que Italia cunha punta de demanda superior á de España.

Ao non dispor, para todos os países analizados, dun indicador análogo ao Índice de Cobertura publicado por Rede Eléctrica de España, pódese utilizar como referencia o cociente entre a Punta de Demanda anual e a Potencia Instalada, que non ten en conta a dispoñibilidade das diferentes tecnoloxías, pero dá unha idea da probabilidade de ter que recorrer a desconectar consumidores por falta de xeración suficiente.

A maior valor do cociente, maior probabilidade e por tanto máis necesidade de potencia interrompible.



Os valores deste cociente son: Francia: 0,67, Italia: 0,47, Alemaña: 0,43 e España: 0,38.

A cifra de Francia é pouco significativa do risco real debido á porcentaxe de xeración nuclear de alta dispoñibilidade

É dicir, sendo España o país con menor probabilidade de necesitar a interrompibilidade, contrata case tanta potencia interrompible como Italia e o dobre que Alemaña.

3) O proceso de adxudicación

Todos os países analizados utilizan un mecanismo de poxa, o que fai peculiar a España é que é o único país onde a poxa é presencial, en lugar de telemática.

Con todo, non hai nada no mecanismo de poxa, que se describe na Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía de 5 de agosto de 2016, que xustifique a necesidade de que a poxa sexa presencial, polo que resulta inexplicable que se manteña este sistema.

Un sistema que require o despregamento anual de instalacións e equipos para máis dun cento de persoas e o desprazamento das mesmas á sede da poxa durante unha ou varias xornadas dependendo do desenvolvemento da poxa.

O custo da realización da poxa para o Operador do Sistema non é público e resulta difícil de valorar o impacto económico para os poxadores. En calquera caso, engádese dalgunha forma á factura de todos os consumidores.

En resumo, atopámonos cun sistema de interrompibilidade cuxo custo é, de xeito evidente, esaxerado, un volume de potencia interrompible que parece innecesario e un sistema de poxa complexo e gravoso.



A causa última destas distorsións está en que o servizo de interrompibilidade é, en realidade, unha mestura de ferramenta técnica e de axuda á industria en xeral pero de forma particular á electrointensiva.

Esta mestura de ferramenta técnica e axuda non resolve o problema da competitividade da industria a medio prazo, debido á súa falta de estabilidade.

Tampouco proporciona ao Operador do Sistema unha ferramenta técnica da mellor calidade, xa que non permite axustar as necesidades de redución de consumo de maneira flexible ao longo do ano, nin refinar os requisitos técnicos ou utilizalo como un mecanismo de xestión da demanda debido ás presións derivadas do carácter de axuda do servizo de interrompibilidade.

Unha axuda que, para algunhas factorías e centos de postos de traballo, supón a diferenza entre manter a actividade ou o peche.

Por último, e non menos importante, carga aos consumidores de electricidade co custo dunhas axudas que deberían ser soportadas por toda a sociedade.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado un cambio no sistema regulamentario do servizo de interrompibilidade segundo as seguintes premisas:

1. Co obxectivo de achegar maior estabilidade e permanencia ao marco regulamentario actual e reducir o elevado custo para o consumidor doméstico, modificar a regulación do Servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, en liña co de países da nosa contorna, de forma que:



- a) Responda estritamente ás necesidades derivadas da seguridade do sistema eléctrico español, reducindo o volume de potencia interrompible e limitando o valor máximo da retribución pola prestación do servizo.
- b) Se desenvolva, por parte do operador do sistema, unha metodoloxía de necesidades de cobertura.
- c) Se flexibilicen as condicións de execución da redución de demanda de forma que sexa efectivamente un sistema de xestión da demanda ademais de cubrir situacións de emerxencia.
- d) A adxudicación do servizo se poida realizar con carácter anual, mensual ou semanal.
- e) Existan mecanismos para que os adxudicatarios de potencia interrompible poidan recomprar as súas obrigacións de reducir a demanda.
- f) A retribución máxima, e os volumes de potencia interrompible se garantan por un período de tres anos.
- g) Todos os procesos relacionados coa adxudicación do Servizo de xestión da demanda de interrompibilidade sexan telemáticas.
- h) Se aumente a transparencia a través da publicación de información sobre asignación e uso efectivo do servizo de interrompibilidade para coñecer a utilidade do servizo, de forma equivalente á proporcionada sobre os servizos de axuste do sistema.

2. Establecer, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, unha liña de axudas directas á industria, de carácter trienal, ao amparo das Directrices, 2014/C 200/101 de 28 de xuño de 2014, da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020. Axudas



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24920
Data envío: 01/02/2018 17:29:42.198



concedidas co fin de reducir a carga que representa o financiamento do apoio á enerxía procedente de fontes renovables e a colaboración no proceso de transición enerxética, condicionadas ao cumprimento dos supostos que queden fixados no regulamento posterior

3. Publicar, o máis axiña posible, a orde de convocatoria de axudas para a compensación por custos adicionais derivados do financiamento do apoio á enerxía eléctrica procedente de fontes renovables.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2018 17:28:08

Luis Villares Naveira na data 01/02/2018 17:28:18

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 27347(10/PNC-002115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 15 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de explotación mineira San Rafael nº 2946, nos concellos de Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Moisés Blanco Paradelo, Carlos Enrique López Crespo, Miguel Tellado Filgueira, Gonzalo Trénor López, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias, Marta Rodríguez Arias, Cristina Isabel Romero Fernández, Alberto Pazos Couñago, Sandra Vázquez Domínguez, Marián García Míguez, María Antón Vilasánchez, Soraya Salorio Porral, Isabel Novo Fariña, Daniel Vega Pérez e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª.

Exposición de motivos:

Desde o momento do anuncio do seu inicio de trámite, o proxecto de explotación mineira San Rafael nos concellos de Touro e O Pino ten sido obxecto de acusacións por parte de determinadas plataformas e grupos da oposición.

Estas acusacións parten do descoñecemento do estrito trámite administrativo e ambiental que deben superar os proxectos mineiros, seguindo por certo unha lexislación aprobada polos mesmos grupos que hoxe a poñen en dúbida. A mesma lexislación que ten ofrecido, por certo, respostas contundentes a proxectos nos que os informes ambientais si prevían impactos negativos.

O Grupo Parlamentario Popular é sensible á preocupación espertada en moitos colectivos cidadás por estas inxustificadas alertas en relación co proxecto mineiro de Touro e O Pino, especialmente na súa posible afección ao río Ulla e aos bancos marisqueiros da ría de Arousa e considera que a Xunta de Galicia debe ser especialmente escrupulosa no seguimento da tramitación deste proxecto co fin de deixar meridianamente clara a súa viabilidade dende o punto de vista ambiental, técnico e urbanístico.

Ao contrario que os grupos que pouco menos que solicitan prevaricación por parte da Xunta de Galicia ao esixir o peche prematuro dun expediente, nós solicitamos o contrario: o cumprimento estrito da legalidade vixente.

O Grupo Popular lamenta que determinados grupo non teñan en conta os 6.000 postos de traballo directos, e outros tantos indirectos, que xera en Galicia a minaría, e que



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27347
Data envío: 05/03/2018 18:42:38.906

menosprecen polo tanto, as familias que viven deste sector, unha actividade que supón 1,05% do PIB galego.

Nós queremos transmitir unha mensaxe de tranquilidade, non tomamos posición nin a favor nin en contra deste proxecto concreto nin doutro. O que queremos, é que avance a tramitación administrativa conforme á Lei, deixando claro que un proxecto mineiro só se autorizará cando quede garantido o cumprimento das normativas urbanísticas, medioambientais e técnicas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Avaliar as consecuencias e circunstancias do proxecto de explotación mineira San Rafael nº 2946, situado nos concellos de Touro e O Pino desde o total garantismo legal e o rigor na execución do procedemento, de forma que se salvagarde o total respecto ao contorno, o estrito cumprimento da legalidade vixente e se dote de todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas no caso de ser aprobado
- 2.- Que se garanta o cumprimento do plan de labores e o seguimento e vixilancia de calquera impacto medioambiental que se puidese producir como consecuencia do resultado actual da explotación da mina.”.

Santiago de Compostela, 05 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/03/2018 18:39:46

Moisés Blanco Paradelo na data 05/03/2018 18:39:50

Maria Antón Vilasánchez na data 05/03/2018 18:40:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27347
Data envío: 05/03/2018 18:42:38.906

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/03/2018 18:40:09

María Soraya Salorio Porral na data 05/03/2018 18:40:17

Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/03/2018 18:40:24

Diego Calvo Pouso na data 05/03/2018 18:40:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/03/2018 18:40:41

Carlos Enrique López Crespo na data 05/03/2018 18:40:48

Marta Novoa Iglesias na data 05/03/2018 18:40:56

María Isabel Novo Fariña na data 05/03/2018 18:41:06

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2018 18:41:14

Sandra Vázquez Domínguez na data 05/03/2018 18:41:21

Daniel Vega Pérez na data 05/03/2018 18:41:35

Marta Rodríguez Arias na data 05/03/2018 18:41:46

Teresa Egerique Mosquera na data 05/03/2018 18:41:58

Gonzalo Trenor López na data 05/03/2018 18:42:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 28.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 27545(10/PNC-002132)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 4 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa adaptación da central térmica de Meirama ao novo marco regulatorio da Directiva Europea de emisións industriais, co fin de garantir o seu funcionamento máis alá de 2045

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 10:13
Nº Rexistro: 27545
Data envío: 08/03/2018 10:13:56.767



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Álvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A política enerxética dos gobernos do Partido Popular, tanto en Galicia como en España tense caracterizado por unha continua incerteza nos obxectivos a acadar, o que sen dúbida dificulta as distintas decisións empresariais.

Na dinámica de publicidade e propaganda a que nos ten acostumados o goberno galego, o 31 de xaneiro do 2015, fai mais de tres anos, o Consello de Gas Natural Fenosa, acordou adaptar a Central para reducir as emisións e seguir funcionando máis alá do 2020, acordo tomado na Cidade da Cultura de Santiago e presidido por D. Salvador Gabarró, acordo que comunicou ó presidente da Xunta D. Alberto Núñez Feijóo.

Sen embargo, máis de tres anos despois, noticias de prensa afirman que se sigue sen despexar o futuro desta central. O conselleiro delegado de Gas Natural D. Rafael Vilaseca, deixou no aire o futuro da Central Térmica máis alá de 2020 ó asegurar que aínda non se tomaron decisións sobre a execución ou non das millonarias obras de adaptación para reducir as emisións que a empresa está obrigada a realizar si quere manter abertas as instalacións despois do 2020.

Responsables da empresa sinalan recoñecen que se trata dunha decisión empresarial ligada á evolución do marco regulatorio nacional e ós prezos das materias primas, recoñece que para Gas Natural é unha central moi importante en termos de planificación estratéxica.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O mercado eléctrico está mudando moito, e parece que as circunstancias económicas non son demasiado favorables, xa que o prezo do carbón importado encareceuse e isto reduce a marxe da eléctrica.

Estamos falando dunha instalación estratéxica para Cerceda e a comarca, xa que a central termoeléctrica da traballo a 200 persoas, 100 na empresa principal e 100 nas auxiliares, ademais de todos os postos indirectos, e os impostos municipais que abona no concello no que se asenta.

Tendo en conta todo o anterior, os socialistas entendemos que é necesario que a Xunta de Galicia que utilizou a Gas Natural como elemento publicitario, se comprometa agora coa defensa da rendibilidade económica e da rendibilidade social da instalación; e actúe, tanto ante a empresa, como ante a administración do Estado, para impulsar a decisión de adaptación da central térmica de Meirama á Directiva Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Utilizar tódolos mecanismos dos que dispoña para que Gas Natural-Fenosa desenvolva as inversións necesarias para cumprir ca Directiva de Emisión, que acordaron no Consello da Cidade da Cultura e anunciaron ó Goberno de España e que garante o funcionamento da central máis alá do 2045.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 10:13
Nº Rexistro: 27545
Data envío: 08/03/2018 10:13:56.767



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Demandar ao Goberno de España que favoreza; a través do establecemento dun marco regulatorio claro, e apoiando os programas de axudas para a transición enerxética, que a central térmica de Meirama se adapte ao novo marco da Directiva Europea.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2018 10:12:57

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/03/2018 10:13:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2018 10:13:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2018 10:13:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2018 10:13:18